

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 01 | MAIO 2011

PRECARIOS NOS QUEREN, REBELDES NOS TERÁN!

A mocidade portuguesa en loita contra a precariedade, que encheu as rúas das principais cidades do país hai mes e medio nas protestas da 'Geração à Rasca', volve tomar protagonismo organizándose no 'Movimento 12 de Março' e apoiando a convocatoria europea do Mayday, na que esixen, entre outras moitas cuestións de urxencia, que o FMI marche fóra de Portugal

Alexandre de Sousa Carvalho, António Frazão, João Labrincha e Paula Gil, foron os catro amigos que tiveron a iniciativa de convocar nunha páxina do Facebook a protesta que despois se coñecería como a Geração à Rasca, e que reuniu entre 300 mil e 500 mil persoas por todo Portugal o pasado 12 de marzo, desmontando así todas as teorías acusatorias de apatía e conformismo cara a mocidade lusa. O pasado mércores 20 de abril deron un paso máis ao presentar os obxectivos do novo 'Movimento 12 de Março' (M12M), nunha conferencia de prensa informal á porta do Cinema São Jorge, en Lisboa.

João Labrincha, de 27 anos, explicou que o movemento destaca por ser "informal, non xerárquico, non partidario laico e pacífico, un movemento que defende o reforzamento da democracia en todas as áreas da nosa vida".

A conferencia de prensa, na que leron o manifesto "Facer de cada cidadán un político", comezou cunha cita de José Saramago: "Cando dicimos que é un resultado importante vivir en democracia, dicimos tamén que é un resultado mínimo, porque a partir de aí comeza a crecer o que verdadeiramente falta, que é a capacidade de intervención do cidadán en todas as circunstancias da vida pública. Ou sexa, facer de cada cidadán un político. A liberdade de prensa, a liberdade de organización política é o mínimo que podemos ter, porque a partir de aí comeza a riqueza espiritual e cívica do cidadán auténtico." Este é o pretexto polo que o movemento xurdiu, explicaron os mozos e mozas.

O M12M vai moito máis aló dunha simple protesta da mocidade. É o resultado dun maduro proceso reflexivo co que os autodenominados "precaros e precarias" queren influír na sociedade portuguesa. "O movemento pugna pola promoción dunha cidadanía cada vez máis acti-



O MayDay, movementos de traballadores precarios, pintando un mural na zona ribeiriña de Lisboa coa mensaxe: "FMI fora daqui!"

va como resultado da democratización do acceso á política. Pretende axudar a dinamizar e a promover o diálogo, a reflexión crítica enfocada no procura de solucións, promovendo puntos de encontro, sinerxias e solidariedade entre movementos e cidadáns", engadiron, así como "apela á formación doutros movementos, grupos de reflexión, traballo e acción (...) e pola transparencia dos actos dos decisores públicos como base dunha democracia saudábel, no traballo, na economía, na política, na cultura, na educación e nas consciencias".

No acto foron divulgados os proxectos nos cales o M12M xa está xa envolvido e os que quere promover en conxunto con outras asociacións e movementos do país. Entre eles están unha iniciativa lexislativa popular por unha proposta de lei

contra a precariedade laboral; a consolidación do 'Portugal Uncut' como parte da rede internacional de activistas contra os recortes brutais, innecesarios e cegos dos servizos públicos; un ciclo de reflexións e debates subordinado ao tema "Afundamento da Democracia", en parceira coa asociación 25 de Abril; a participación no MayDay 2011, a manifestación de precarios e precarias neste primeiro de Maio, na que participan organizacións como Precári@s Inflexíveis, ATTAC, EuroMay Day ou AMRTalude; e a consulta a varios partidos políticos sobre temáticas presentes no Manifesto da Protesta da 'Geração à Rasca'.

Alén disto, o M12M quere promover a necesidade dun debate sobre a importancia dun referendo nacional acerca do pagamento da débeda soberana e cuestionar activa-

mente "a eficacia, inevitabilidade, lexitimidade e democracidade" da intervención do Fondo Monetario Internacional, Banco Central Europeo e Fondo Europeo de Estabilización Financeira. "Cremos que o dereito á información é esencial para podermos avaliar a súa necesidade", defenden os promotores.

Asemade, o M12M considera tamén urxente facer unha auditoria ás contas públicas que clarifique a verdadeira situación financeira e económica do Estado Portugués, pois non acreditan nas informacións achegadas –interesadamente– polo FMI, a Unión Europea e moito menos por esas axencias de rating que practican, como definiu Boaventura de Sousa Santos, o fascismo financeiro.

O movemento está en marcha e xa tivo os seus efectos, pois os con-

vocantes do MayDay foron convidados pola Troika –Comisión Europea, Banco Central Europeo e Fondo Monetario Internacional– a unha xuntanza o 26 de abril por ser considerados un dos moitos actores sociais a ser consultados sobre as contrapartidas para o préstamo de 80 mil millóns de euros que está a ser planeado para o país. No entanto, a primeira batalla real, a primeira demostración desta nova e necesaria forza social recién organizada, líbrase hoxe mesmo nas rúas de Lisboa, Porto e o país enteiro. Avante toda! ●

•INFO: M12M: www.facebook.com/movimento12m. MayDay: www.euromayday.org | www.maydaylisboa.net | maydayporto.blogspot.com. Portugal Uncut: portugaluncut.blogspot.com. Precári@s Inflexíveis: www.precariosinflexiveis.org



É IMPOSÍBEL NON VIVIR



JOSÉ LUÍS PEIXOTO
Narrador, poeta e dramaturgo portugués

Se che quixesen convencer de que é imposíbel, dilles que o imposíbel é ficar calado, o imposíbel é non ter voz. Temos dereito a vivir. Creemos nesa certeza con todas as forzas do noso corpo e, máis aínda, con todas as forzas da nosa vontade. Vivir é un verbo enorme, longo. Creemos en todo o seu tamaño, non prescindimos dun único paso do seu/noso camiño.

Sabemos ben que é inútil rosmar contra a pantalla do teleornal. O vidro non responde. Emporiso, temos outros planes. Temos voz, tantas voces; temos rostro, tantos rostros. As rúas nos recibirán, serán pequenas para nós. Sabemos formar mareas, correntes. Sabemos tamén que nunca nos foi agasallado nada. Cada conquista foi gañada milímetro a milímetro. Antes de estar á vista de toda a xente, práctica e concreta, era sempre imposíbel, mais vivir é crer. Temos dereito á esperanza. Esta vida nos pertence.

Alén diso, é magnífico estragar a festa aos poderosos. É divertido, saudábel, fai ben á pel.

Cando eles pensan que xa nos colocaron nun lugar, que xa está todo decidido, que nos compraron con palabriñas mansas e autocolantes, mostrámoslles

"...É MAGNÍFICO ESTRAGAR A FESTA AOS PODEROSOS. É DIVERTIDO, SAUDÁBEL, FAI BEN Á PEL"

que sabemos berrar. Avernoñámoslos como os nenos de cinco anos avergoñan os pais na cola do supermercado. Coa gran diferenza de non sermos nenos de cinco anos e coa diferenza inmensa deles non seren os nosos pais porque os nosos pais, hai case catro décadas atrás, tiveron que se librar dos pais deles. Ou, cando menos, tentárono.

O único imposíbel é o que xulgamos que non somos quen



de construír. Temos mans e un número sen fin de habilidades que podemos facer con elas. E non imos deixalas caer ao longo do corpo, gardalas nos petos, estendelas á caridade. Por iso, non imos pedir, imos esixir. Repetímolo as veces que sexan necesarias: temos dereito a vivir. Nunca dubidamos de que valemos moito máis do que di o noso currículo, o noso tempo non é un contrato a prazos, non hai recibos verdes capaces de contabilizar aquilo que valemos.

Vida, se nos estás a ouvir, tes ue saber que camiñamos na túa dirección. A nosa liberdade medra ao cremos e nós medramos con ela e ti, vida, medras tamén. Se che quixeran convencer, vida, de que é imposíbel, dilles que imos todos no teu rescate, faremos o que sexa preciso e dilles que imposíbel é negarte, camuflarte con números, dilles que é imposíbel non teres voz.

•INFO: O texto corresponde a unha achega do escritor José Luís Peixoto ao MayDay de Lisboa: www.maydaylisboa.net

MENSAXE DE ISLANDIA A PORTUGAL



NICK DEARDEN
Director da Jubilee Debt Campaign

counterpunch.org

Esta semana testemuñamos dúas reaccións moi diferentes fronte á débeda europea. Nun extremo de Europa, electores de Islandia decidiron unha vez máis non aceptar os termos de pagamento dos seus "acredores", os gobernos británico e holandés, logo do colapso de bancos islandeses en 2008. No outro, Portugal está a ser empurrado cara ao camiño da terapia de choque pola Unión Europea, co pobo dese país excluído dun proceso que mudará a súa vida de xeito dramático.

Nin Islandia nin Portugal terán a vida fácil os vindeiros anos. Mais hai un mundo de diferenza entre o rexeitamento do pobo de Islandia a "pagar por bancos fallidos", nas palabras do seu Presidente, e o sufrimento que está a ser imposto desde fóra a Portugal. O responsable do Banco Central Europeo, Jean-Claude Trichet, deixou moi claro que as negociacións sobre o futuro de Portugal "non son certamente un tema de debate público".

O pobo de Islandia non tivo unha reacción automática. As persoas alí son ben conscientes de que o rexeitamento a pagar a curto prazo é o camiño menos doado a adoptar. Un inminente proceso xudicial por parte do Reino Unido e de Holanda, a reacción negativa dos mercados de crédito e o ameazado bloqueio á súa entrada como membro da UE cobrarán a súa peaxe.



"Unha nova Islandia xa!", protesta en xaneiro de 2009

Mais para o pobo de Islandia a ortodoxia de como se supón que os países deben tratar de débedas non é simplemente enresada, é profundamente inxusta, distribuindo de modo non razoábel poder e riqueza dentro e entre as sociedades. O elector de 28 anos Thorgerdur Ásgeirsdóttir dixo: "Sei que isto probablemente nos prexudicará internacionalmente, mais paga a pena tomar unha posición".

Se o pobo dun país que realmente entrou na ideoloxía do mercado libre, dos mercados de capitais desregulamentados e

dos préstamos baratos, pode negarse a pagar polos crimes dos bancos, entón pódese esperar que aqueles que o fixeron menos ben durante as décadas de boom financeiro se sintan aínda máis entusiasmados.

En Grecia, a ira comeza a ser transformada nun desafío construtivo contra o poder das finanzas. Centos de académicos, políticos e activistas apelaron a unha comisión de auditoría da débeda.

Tal comisión abriría todas as débedas de Grecia ao exame público –confrontando directamente o xeito como o FMI e a Unión Eu-

ropea traballan a portas pechadas para esperar os seus moitas veces desastrosos remedios aos países membros.

Como dixeron algúns activistas gregos: "un pobo que está destinado a correr cos custos dos programas da Unión Europea ten o dereito democrático de recibir plena información sobre a débeda pública. Unha Comisión Auditora pode comezar a corrir esta deficiencia".

A resolución popular actualmente está a ser reforzada por un sitio web fantástico –un filme viral chamado debtocracy (goberno pola débeda)– que varre entre a poboación online de Grecia e a convence de que foi enganada. A principios do próximo mes activistas de toda a Europa e do mundo en desenvolvemento reuniránse en Atenas para estableceren en conxunto un programa que desafiará as políticas do FMI en Grecia.

O acordo de Portugal só comeza a ser cociñado. Como en Grecia e Irlanda, un paquete de salvamento (bail-out) beneficiará primariamente a bancos de Europa Occidental, con 216 mil millóns de euros de préstamos en aberto a Portugal, mentres que as persoas do común aguantarán un programa de cortes profundos nos gastos, dereitos dos traballadores reducidos e privatizacións xeneralizadas. O responsable do Banco Carregosa,

de Portugal, declarou ao *Financial Times*: "Non é unha esaxeración chamar a isto terapia de choque".

As comparanzas con países en desenvolvemento son obvias e os erros cometidos alí xa están a ser repetidos. Moitas veces os bancos foron salvados e as persoas máis pobres do mundo foron empurradas cara a unha pobreza aínda máis profunda. Países que van desde Serra Leoa á Xamaica están a amoremear cada vez máis débedas, sempre máis, para aplacar a tempestade dos banqueiros.

Velaí porque debe ser trazada unha liña en Europa. Despejar máis débeda por riba das desgrazas acumuladas de Portugal non servirá para resucitar a economía. A débeda de Portugal é totalmente insustentábel –en gran medida resultado de préstamos privados irresponsábeis ao longo da última década. Os responsábeis están a ser salvados, os que non o son sofren as dores. Foi por isto que Islandia rexeitou pagar a débeda.

O pobo de Islandia ergueuse pola súa soberanía. O seu futuro parece considerabelmente máis brillante que o de Irlanda ou de Portugal. O pobo de Grecia está só a comezar a súa loita. Os resultados terán un impacto monumental sobre o combate contra a pobreza e a desigualdade en todo o mundo. ●



LEI DE FAMILIA, IRMÁ MENOR, CONSTITUIÇOM HÚNGARA IRMÁ MAIOR

Quem assegura que o PP nom tem proxecto, quem fala de "nom-governo", ou "dum governo sem rumbo", equivoca-se e pode estar enviando à cidadania umha mensagem confusa, que nom ajuda a organizar umha boa defesa num contexto moi agressivo, onde os direitos fundamentais están postos à venda e som questionados e violados diariamente



LUPE CES
Conselleiro Editorial de Altermundo

O anteproxecto de "Lei de Familia", elaborado pola Xunta de Galicia, que vai ser posto a aprovaçom polo Parlamento Galego, depois das eleicoes municipais, é toda umha declaraçom programática de qual é o modelo social que nos tem preparado esta nom-maioria política, que se afixo cumha raquítica maioria parlamentária, e aspira a converter-se na maioria social, tendo para elo toda a maquinaria ao seu dispor: poder económico, hegemonia mediática, poder legislativo (tanto na cámara galega, como, se nom pñemos remedio, nas cámaras locais), e poder religioso.

O anteproxecto de Lei de Familia, é umha volta aos episodios mais grises da nossa História contemporânea. Esta Lei nega a igualdade das distintas formas de convivência, como o matrimonio homossexual, e inventa direitos inexistentes, como os direitos do feto, para roubar direitos conquistados, exercidos e reconhecidos, entre outros, o direito ao aborto. Esta Lei nom apoia à maternidade, senom que a converte numha penitencia obrigatória, um caminho de espinas a percorrer, para ao final, entregar "o fruto do nosso ventre" a instituiçoms afins. Todo um perverso ideário, que entre outros, nega o direito de todos os nenos e nenas a ser desejados.

Quem tenha dúvidas de até onde nos pode levar esta Lei, que consulte o proxecto de nova constituioçom húngara, aprovado polo Parlamento. País que preside nestes momentos a União Europeia e que está sendo noticia polas açoms e actitudes racistas e xenófobas, que atentam nomeadamente contra o Povo Cigano. Todo este ódio, teria que entrar em contradicçom cos valores que supostamente se auto-outorga a hierarquia católica, e que aparecem como marco inspirador da sua nova constituioçom. Valores por outra banda, que nom podem ser considerados propriedade de nemumha confessom religiosa.

Que difícil situaçom para as pessoas que honradamente seguem o legado de Cristo "amádevos os uns aos outros..." "é mais difícil que um rico acade o reino dos ceos..." ou "bem aventurados os que temhem fame e sede de justiça..."!! Mais bem semelha que o partido que governa Hungria e que esta imponhendo o integrismo católico na sua constituioçom, está cheio de "sepulcros branqueados".

Esta constituioçom húngara que abre brecha na Europa e onde se inspiram os sectores do PP que promovem a Lei de Familia, ademais de considerar o aborto como inconstitucional, outorga ao pai de família o direito ao voto dos filhos ou filhas



menores. Igual que pretende o PP imponher o direito a decidir por parte dos progenitores, se umha nena tem que ser nai ou nom. Umha vez mais, inventamos direitos nom existentes, como o direito ao voto na minoria

de idade, para roubar ou negar direitos conquistados. Outorgará o parlamento galego o direito a exercer duas vezes o voto às mulheres gestantes? Terá o pai de família direito a votar três vezes no nome da sua filha menor e do feto em gestaçom? Chegaremos a ver ao feto participando de debates públicos?

A este esperpento de sociedade nos está levando o avance do Partido Popular na Galiza e do conservadorismo em geral na Europa, num terreo aboado, temos que reconhecê-lo, por a entrega dumha parte das forças progressistas, aos ditados do poder financeiro.

A pobreza e a marginaçom emergentes polo efeito destas políticas impostas, temhem aguardando às estruturas católicas, e também em menor medida, doutras confesiões religiosas, para volver a encher os seus templos. A caridade suplindo à solidariedade e à justiça social, umha vez que os sectores públicos de assistência social sejam depauperados e privatizados. Eis o controlo social mais perverso, o exercido polo prato de comida quente.

Neste rio revolto, aparecem iniciativas de protesta e denuncia que, intentando defender posicionamentos laicos, entram num terreo que converte em vítimas aos verdugos. Os ataques às igrejas, ou a irrupçom em espaços de culto, som ataques à liberdade religiosa que é um direito humano, e como tal deve ser respeitado.

Para visualizar ou simbolizar todas estas manifestaçoms e protestas, hai edificios vinculados à hierarquia católica, departamentos nas universidades, mesmo entidades financeiras, que nom som lugares de culto, e que sinalam a diferença entre o que é a espiritualidade e a instituiçom patriarcal e anti-democrática que pretende imponher o seu proxecto a toda a sociedade, utilizando o seu poder económico e os seus diferentes lobbys.

Estamos às portas de fortes convulsions sociais, nom deixemos de consultar a brúxula. É preciso nom perder o rumbo e que o tsunami social nom acabe movendo os muiños da direita para volver a proxeectar a nossa vida em branco e preto. ●

O LAICISMO, ASSINATURA PENDENTE

O laicismo segue a ser umha assinatura pendente. Para conseguir o aprovado, nom nos ajuda o feito de vermos sempre o integrismo no olho alheo.

O passado mês de Marzo, era noticia nos medios de comunicaçom a entrevista da jornalista Ana Pastor de TV1 a Mahmud Ahmadineyad, presidente de Iram. Comentários, provocaçoms, criticas... à exigência de cobrir a cabeça da jornalista, cum pano para realizar a entrevista. Exigência que se fai extensiva a todas as mulheres no estado de Iram. Ao final, o pano, de jeito furtivo ou nom, deixou ao descoberto o cabelo da mulher, "rompendo o protocolo".

Porém, silencio, quando hai uns dias, presentava as suas credenciais, a nova embaixadora espanhola no Vaticano. É certo que nesta ocasiom, o pano que cobria a sua cabeça nom caiu. Tampouco fálhou o longo vestido negro. A obrigaçom de utilizar vestimenta que oculte partes do corpo como os ombros ou as pernas, ampliou-se fora dos lugares de culto a todo o estado Vaticano, incluindo farmácias, supermercados, praças, ruas... Mas os medios de comunicaçom nom comentaram a vestimenta obrigada da embaixadora, nem tampouco houvo criticas às palavras de

Benedicto XVI, que como é habitual, adicou severas criticas à organizaçom política e social que emana do estado espanhol, que di, entre outras cousas, "nom prepara para a abertura à transcendência".

Pola súa parte a embaixadora assegurou-lhe, depois desta nova ingerência, a total colaboraçom para a celebraçom, o próximo agosto, da XXVI Jornada Mundial da Juventude. Mais umha vez, Benedicto XVI coloca-se ao frente dumha grande manifestaçom internacional, custeada com cartos públicos do estado amigo. Fica mais em evidência, o trato de favor que a hierarquia católica recebe, apresentando umha base de dados, inchada nos muitos anos de obrigatoriidade confessional do franquismo, e dumha case nula possibilidade de actualizar esses registros. Um trato de favor que vai levar as organizaçoms evangélicas a manifestar-se em Madrid o próximo 9 de Maio, para denunciar as dificuldades que se lhes imponem para conseguir lugares de culto. Eis o proxecto do co-governo PP- Conferencia Episcopal, em Madrid e na Galiza, converter a doutrina em leis e eliminar a "competência", tudo isto envolto numha campanha de vitimizaçom. ●



Europe solidaire sans frontières

www.europe-solidaire.org

CADTM

www.cadtm.org

FUKUSHIMA, UN ANTES E UN DESPOIS

Cada día tráenos novas máis terroríficas da catástrofe nuclear de Fukushima. Por segunda vez na súa historia, o pobo xaponés é vítima da tolemia nuclear. Non se sabe aínda a extensión do desastre, pero é evidente que se trata dun intre crucial. Na historia da enerxía nuclear, haberá un antes e un despois de Fukushima.

Tras Chernobyl, o lobby nuclear occidental atopou unha explicación presuntuosa: é o resultado da xestión burocrática, incompetente e ineficaz, propia do sistema soviético. "Isto non podería acontecer aquí". Que vale este argumento hoxe, cando é o mellor do capitalismo xaponés, de feito, como lembra nun artigo recente Pierre Rousset, nada menos que "o maior produtor privado mundial de electricidade" o que está implicado? Os medios puxeron en evidencia a irresponsabilidade, a falta de preparación e as mentiras da Tokyo Electric Power Company (TEPCO) –coa complicidade activa dos organismos de control e das autoridades locais e nacionais– máis preocupada da rendibilidade que da seguridade. Estes feitos son indiscutíbeis, pero se se insiste demasiado neste aspecto, córrese o risco de perder de vista o esencial: a inseguridade é inherente á enerxía nuclear.

O sistema nuclear é fundamentalmente insustentábel, os accidentes son estatisticamente inevitábeis. Tarde ou cedo, outros Chernobyl e outros Fukushimas terán lugar, provocados



BAYERNSPD

por erros humanos, disfuncionamentos internos, terremotos, accidentes de aviación, atentados, ou acontecementos imprevisíbeis. Parafraseando a Jean Jaurés, poderíase dicir que a enerxía nuclear leva en si a catástrofe como a nube a tormenta.

Non é pois estraño que o movemento antinuclear estea a se remobilizar a grande escala, con algúns resultados positivos, por exemplo en Alemaña. A consigna de: "Saída inmediata do nuclear" esténdese como un regueiro de pólvora. Con todo, a reacción da meirande parte dos gobernos –particularmente en Europa e nos EUA– é a negativa a saír da trampa nuclear. Téntase acougar á opinión pública coa promesa dunha "seria revisión da seguridade das nosas centrais". A MOCN, Medalla de Ouro da Cegueira Nuclear, merece ser atribuída ao goberno francés, un portavoz do cal, o señor Henri Guaino, declarou recentemente: "O accidente nuclear de Xapón podería favorecer á indus-

tria francesa cuxa seguridade é unha marca de fábrica". No coment...

Os nucleócratas –unha oligarquía particularmente obtusa e impermeábel– pretenden que o fin do nuclear significaría a volta á vela ou á lámpada de aceite. A verdade simple é que só o 13,4% da electricidade mundial é producida polas centrais nucleares. É perfectamente posíbel pasar sen ela? É posíbel, mesmo probábel, que baixo a presión da opi-

nión pública, en moitos países se reduzan considerabelmente os delirantes proxectos de expansión ilimitada da industria nuclear e de construción de novas centrais. Pero pódese temer que isto vaia acompañado dunha fuxida cara a adiante nas enerxías fósiles máis "sucias": o carbón, o petróleo offshore, as areas bituminosas, o gas de lousa.

O capitalismo non pode limitar a súa expansión, e por conseguinte o seu consumo de enerxía. E como a conversión ás enerxías renovábeis non é "competitiva", pódese prever unha nova e rápida subida das emisións de gas con efecto invernadoiro. O primeiro paso na batalla socioecolóxica por unha transición enerxética é o rexeitamento a ese falso dilema, desa opción imposíbel entre unha ferosa morte radioactiva ou unha lenta asfixia polo quecemento global. Outro mundo é posíbel! • ["Fukushima. Un autre monde est possible!"] • **Michael Lowy, 18/04/11**

Propostas para unha outra Europa

A redución do déficit público non debe facerse reducindo os gastos sociais públicos, senón loitando contra a gran fraude fiscal e gravando máis o capital, as transaccións financeiras, o patrimonio e as rendas dos máis ricos. Para reducir o déficit, tamén é necesario reducir drasticamente os gastos de armamento, así como outros gastos socialmente inútiles e perigosos para o ambiente. En troques é fundamental aumentar os gastos sociais para amortecer os efectos da depresión económica. Hai que considerar esta crise como unha oportunidade de rachar coa lóxica capitalista e realizar un cambio radical de sociedade. A nova lóxica deberá rachar co produtivismo, incluír a cuestión ecolóxica, erradicar as formas de opresión –racial, patriarcal, etc.– e promover os bens comúns.

Para iso é necesario construír unha fronte anticrisis, tanto a escala europea como localmente, co fin de agrupar as enerxías para crear unha relación de forzas favorábel á posta en práctica de solucións radicais centradas na xustiza social e climática.

Desde agosto de 2010 o CADTM formulou oito propostas relativas á actual crise europea. O elemento central é a necesidade de proceder á anulación da parte ilexítima da débeda pública. Para iso, o CADTM recomenda a realización dunha auditoría da débeda pública efectuada baixo control cidadán. [...] • ["Ocho propuestas urgentes para otra Europa"] • **Eric Toussaint, 24/04/11**



Rebellion

www.rebellion.org

Sen leccións de Chernóbil

[...] O desastre de Chernóbil ofreceu a oportunidade de investigar amplamente os efectos da exposición a radiacións sobre a saúde e o medio ambiente; con todo, a comunidade internacional ignorou moitos informes existentes nos territorios contaminados.

[...] Jorge Riechmann, entón presidente de CIMA, expresouno en 2007 con estas palabras: "Quen falan, hoxe, de seguir construíndo reactores nucleares non comprenderon nada da traxedia de Chernóbil. E Chernóbil era, se cadra, a última advertencia da que podíamos aprender, se é que pode existir no futuro unha humanidade libre sobre unha Terra habitábel. A miña convicción persoal é que a única enerxía nuclear limpa e segura, que debemos reivindicar sen tregua, é a das reaccións de fusión que teñen lugar no interior do sol e que nos chegan logo en forma de bendita luz solar que caldea a atmosfera, move os ventos e nutre a vida? Que pode dicirse hoxe tras este novo Chernóbil a cámara lenta que estamos a vivir? • ["Chernóbil, 25 años después"] • **Eduard Rodríguez Farré y Salvador López Arnal, 26/04/11**



Chernóbil

ADITAL: www.adital.com.br



Turismo depredador en Centromérica

[...] nos últimos oito anos Centroamérica rexistrou a chegada de máis de 28 millóns de turistas e a recepción de 6 mil millóns de dólares en divisas. Con todo, o que se presenta como un éxito excepcional para os países da rexión non parece reflectir na calidade de vida das poboacións.

[...] é o Novo Turismo Residencial: unha unidade de lecer residencial privatizada, autónoma e independente do territorio no que se instale. Unha nova burbulla turística que adapta o concepto do "todo-incluído" ao turismo residencial. • ["Riesgos para Centroamérica ante modelo depredador y excluyente"] • **Giorgio Trucchi, 26/04/11**

santayanajtemasinternacionais.blogspot.com



Redeseñar a xeografía do poder no mundo

[...] Estamos en plena revolución política e económica, que promete unha reviravolta histórica, mais, como todas as grandes mudanzas, cargada de perigos. Ela nos propón desafíos inmensos, como os de universalizar a educación, dar novos paradigmas ao desenvolvemento da ciencia, domar o progreso sen comprometer a natureza, e distribuír e manter o benestar que a tecnoloxía trouxo. O entendemento entre os países emerxentes será sempre provisional, como son os actos políticos, mais debe durar o bastante para redeseñar a xeografía do poder no mundo. • ["Ficção e realidade"] • **Mauro Santayana, 18/04/11**

...DUN IRMANDIÑO: raulasegurado.wordpress.com



Cómpre a politización da sociedade civil

[...] Promover unha cidadanía activa debe traducirse no fortalecemento de organizacións impulsoras de transformacións políticas e sociais que permita avanzar cara unha síntese emancipatoria ancorada na sociedade. Riechmann propúñanos como método, a Ideación mancomunada de proxectos, de programas, de planes, na que participen movementos sociais, organizacións políticas e segmentos da sociedade civil... Así as organizacións sociais estarían orientando a súa axenda de reivindicacións e demandas nun sentido contrahexemónico [...] • ["Indagacións sobre a cidadanía (IV)..."] • **Raúl Asegurado, 16/04/11**

GALICIA CONFIDENCIAL: www.galiciainconfidencial.com



Un modelo de cultura de petos cheos na Galiza

[...] A rendibilidade económica, a maximización de beneficios é o mantra do capital. E iso todo está contido na ficción que se constrúe no monte Gaiás. As voces ben aleccionadas definen como "motor económico" de Galicia á Cidade da Cultura, deixando ben claro cal é o seu concepto cultural: un concepto en consonancia co capitalismo, onde todo é mercadoría e todo ten un prezo.

[...] tres feitos mastodónticos devoradores do AVE (na mobilidade e desartellamento territorial), a CdC (no modelo cultural) e o Marinada Plaza (no modelo comercial)... • ["O modelo capitalista e a cultura"] • **Xabier Ron, 17/04/11**